



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

BANDO

CAMPAÑA NEVE DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2025

D. ALBERTO CORTIZAS REJO, ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO, PON EN COÑECEMENTO DA VECIÑANZA:

Que o Concello de Monfero adheriuse á campaña de Neve da A Deputación da Coruña, dentro da súa programación deportiva para o ano 2025, que pon en marcha unha campaña de esquí na estación de **VALGRANDE-PAJARES**, destinada a 600 rapaces e rapazas da provincia da Coruña.

As persoas participantes neste programa gozarán de 4 días con aloxamento e manutención, nun albergue a pé de pista e contarán con cursos de esquí e actividades complementarias na estación invernal de Valgrande-Pajares (Asturias).

Cada participante terá que inscribirse no seu concello de empadramento.

As idades das persoas participantes serán de entre **11 a 15 anos ambos os dous inclusive, cumpridos a 31 de decembro de 2024 e aboarán 85 € (oitenta e cinco euros)** como cota de participación, que se ingresará nun número de conta que se lle facilitará aos participantes seleccionados onde deberá constar o concepto "CAMPAÑA DE NEVE 2025, CONCELLO E NOME-APELIDOS.

Esta campaña terá comezo na segunda fin de semana de xaneiro e desenvolverase ao longo de seis quendas, segundo a distribución xeográfica.

A entrada dos rapaces/as na estación será o venres antes do xantar e a saída o luns despois do xantar. O transporte dende a comarca, tanto de ida como de volta, está incluído na oferta; os puntos da comarca onde se efectuará a ida/volta notificaranse con suficiente anticipación, no portal de deportes da páxina web da Deputación da Coruña.

A Deputación responsabilízase da maior parte dos gastos ocasionados pola actividade; transporte dende o punto de recollida en cabeceiras de comarca, estancia, manutención, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento de material, remontes mecánicos na estación e actividades varias.

Ao Concello de MONFERO correspóndenlle **3 prazas** na 1ª quenda a cal transcorre dende os días **10 ao 13 do mes de XANEIRO de 2025**.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O prazo para o proceso de inscrición no Concello desenvolverase entre os días 8 de novembro e 2 de decembro

Para obter os formularios de inscrición ou para ampliar información poden dirixirse as oficinas municipais do Concello ou no seguinte enderezo:

<https://www.dacoruna.gal/deportes/campana-neve/>

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo.